

DOCUMENTO DE PROLINGUA

Dous anos de grave retroceso dos dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes ¹

Desde a chegada á Xunta de Galicia do actual goberno do presidente Núñez Feijoo, a oficialidade da lingua galega vese cuestionada por primeira vez desde a época franquista. Son moi numerosas as medidas lexislativas e as actuacións dirixidas a frear ou destruír os avances sociais que se foran conseguindo referidas ao uso da lingua galega, co evidente obxectivo de diminuír a súa presenza na sociedade e relegala a unha posición subordinada.

Como esta agresión continuada non se podería producir confesando abertamente os obxectivos que a guían, acompáñase cunha intensa campaña baseada en falacias e mentiras, coa complicidade de influentes medios de comunicación. De entre as falsidades, as utilizadas reiteradamente son unha inexistente «imposición do galego» e un uso espurio de termos que gozan de connotación positiva, como «liberdade», «bilingüismo», «plurilingüismo» e outros.

A consecuencia máis grave é que o amplo consenso social que fixera posible o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (promovido por un goberno do que era vicepresidente o actual presidente da Xunta de Galicia e aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en 2004) quedou eliminado de facto. E a pedra angular do marco legal hoxe en vigor, a Lei de Normalización Lingüística (aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia en 1983), está a ser baleirada de contido pola vía dos feitos ao tempo que, de palabra, se predica o contrario.

¹ Para unha breve introdución (en inglés ou en español) da xeografía, historia da lingua e situación sociolingüística actual da lingua galega recomendamos a consulta da web do Consello da Cultura Galega: <http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/loia/?idioma=2> .

A ameaza á liberdade lingüística da cidadanía galegofalante é cada vez maior. Se non se quere que haxa cidadáns de primeira e de segunda, teñen que crearse as condicións para que se poida vivir en galego coa mesma normalidade que o pode facer unha persoa castelanfalante. Para iso é imprescindible que a poboación sexa competente nas dúas linguas oficiais, para que logo cadaquén decida libremente se usa unha ou outra nos diferentes ámbitos e situacións. A dobre competencia é clave para garantir a liberdade lingüística.

O goberno actual vai na dirección contraria, fomentando as actitudes negativas verbo do galego, de xeito que o seu uso sexa percibido como unha «agresión» á «liberdade» das persoas que teñen o castelán como lingua de uso habitual.

A seguir, enumeramos algúns dos feitos negativos para a lingua que o actual goberno da Xunta levou á práctica desde a súa toma de posesión en 2009:

1. Eliminación das galescolas, aulas de educación infantil onde se escolarizaban en galego os nenos e nenas das familias que o solicitaban.
2. Eliminación do decreto do ano 2007, que garantía unha presenza do 50 % do galego como lingua vehicular no ensino non universitario. Substitución polo denominado «Decreto de plurilingüismo» (2010) que, na teoría, rebaixa a presenza do galego ao 33 % e, na práctica, a unha porcentaxe moito menor nun amplo número de centros. Coma tal, o fomento da implantación das seccións bilingües galego-castelán/inglés faise a custa de materias para cuxa docencia é obrigado o galego (Coñecemento do Medio). Isto leva a que o mandato principal da LNL («que o alumnado acade unha boa competencia nas dúas linguas oficiais») quede en papel mollado.

3. Supresión das liñas de ensino en galego que funcionaban nas escasas escolas públicas onde se impartía, situadas sempre en ámbitos urbanos.
4. Anulación de material escolar (libros de texto) en plena vixencia, por estar en lingua galega, co conseguinte malgasto económico dos fondos públicos.
5. Eliminación da proba de lingua galega para o acceso á función pública. Isto provoca que un funcionario se poida negar a atender en galego ou poida alegar descoñecelo diante de persoas galegofalantes. A maiores, esta medida tenta ampliarse aos concellos, coa ameaza de impugnar aqueles concursos e oposicións onde o exame de coñecemento da Lingua Galega fose obrigatorio.
6. A EGAP (Escola Galega de Administración Pública), que ata o 2009 funcionou maiormente en galego, comezou a funcionar en bilingüe galego/castelán e a realizar cursos de reciclaxe de funcionariado tamén ou exclusivamente en castelán.
7. Na liña do anterior, desprestixio do galego nos exames bilingües para funcionarios (SERGAS e diversos organismos), con instrucións onde se indicaba que en caso de erro tipográfico entre o texto editado en galego e o editado en castelán, prevalece este último a efectos da súa comprensión lóxica, á vez que se indicaba que algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca en castelán.
8. Redución das axudas á tradución de libros ao galego, que viñan funcionando con eficacia desde había máis de dez anos.
9. Diminución drástica das axudas aos sectores audiovisual e teatral.
10. Diminución moi significativa das axudas á edición e á promoción exterior do libro galego, á vez que se suprimiron as axudas á creación e á promoción exterior da banda deseñada en galego. A isto hai que lle engadir accións dirixidas á

invisibilización social dos autores e autoras que escriben en galego.

11. Incumprimento do deber estatutario de promover a presenza social do galego. É habitual que conselleiros e outros altos cargos empreguen ou ben o castelán ou ben un galego moi deturpado. Por outra parte, rexistrouse unha diminución significativa da lingua galega nas mensaxes institucionais e publicitarias da Xunta de Galicia e en organismos dependentes dela.
12. Diminución drástica das axudas aos medios de comunicación en galego, o que en boa parte provocou a desaparición de varias publicacións periódicas e de diarios dixitais. Pola contra, medios que publican ou emiten maioritariamente en castelán (máis do 90 %) perciben cuantiosas axudas “para a normalización do galego”.
13. Subvencións a canles de televisión de ámbito autonómico que, por contrato de concesión, teñen que emitir o 50% en galego pero que na práctica emiten apenas un 10% na lingua propia de Galicia.
14. Progresiva desaparición do galego no ensino nas zonas galegófonas de Asturias e de Castela-León. Belixerancia por parte do goberno autonómico de Asturias, que non recoñece a existencia da lingua galega na zona estremeira con Galicia, con centros onde aínda non se introduciu o “galego-asturiano” e noutros onde se ensina lingua asturiana. Unha certa indiferenza no caso do goberno de Castela-León e absoluto desleixo por parte do goberno de Estremadura polas falas esencialmente galegas de Cáceres. Incumprimento total das medidas de protección para o galego nestas zonas previstas na Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias.